

Ferrolterra, 20 maio 2014

Benqueridos abelleiros:

Formación.- Seguimos facendo canteira. No curso de iniciación temos 31 participantes e no específico de multiplicación xa pasan dos 30... Toda una satisfacción para o grupo de traballo da vosa delegación.

Campaña divulgativa sobre os perigos da Vespa velutina.- Iremos por cinco charlas e cando remate o ano esperamos haber cuberto toda a bisbarra con unha ducia.

VIAXE A "29ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA"

(SÁBADO, DÍA 7 DE XUÑO)



O vindeiro día 7 todos os abelleiros galegos temos unha cita importante en Arzúa para participar e disfrutar da nosa mostra, e os da bisbarra de Ferrlterra non seremos unha excepción.

Nuns días a nosa oficina central comunicaravos nun "Correo Apícola" o programa detallado.

Para facilitar a visita á mostra a delegación organiza un viaxe. PROGRAMA DA VIAXE:

8: 00 Horas.- Saída en autocar desde a igrexa do Pilar de Ferrol.

9:15 h.- Chegada a Arzúa e tempo libre para realizar compras e visitar a feira.

10:00 h.- Comezo das charlas técnicas na nave da cooperativa Erica Mel. Programa das charlas:

Ás 10 horas: Obtención de mel en panal e estampado de cera a pequena escala. Pola empresa Irurtzun. Paralelamente no salón de actos da asociación de veciños:

Ás 10,30 horas: Cría de raíñas. Por Marcos e Jara Varela. - As 11 horas: Vespa Velutina. Por Gonzalo Calvo.

Ás 11,30 horas: Control de Varroa. Por Antonio Gomez Pajuelo

Ás 12,30 horas: Presentación do VII Congreso Apícola Hispánico. Por Suso Asorey. - Presentación da revista "Apicultura Ibérica". Por Silvia Cañas

Ás 13 horas: Asemblea de Erica mel.

14:30 h.- Xantar no restaurante "Casa Chelo". Restaurante acolledor, con comida caseira e un excelente trato. Menú a base de dous platos, bebida, postre e café. Quen teña dieta especial que avise. O que queira comer pola súa conta se lle descontarán 11 €.

16:00 h.- Dúas opcións:

A.- Saída cara a Portodemouros para visitar as magníficas instalacións do "Enredo do Abelleiro".
<http://www.abelleiro.com/>

B.- Quedarse na feira apícola. Feira e talleres funcionando todo o día.

19:00 h.- Viaxe de volta a Ferrol. Hora aproximada de chegada: as 20:15 horas.

Custo do viaxe.- 25 € para socios e parella e 30 para non socios. O precio inclúe: viaxe, xantar e entrada no Enredo. Este viaxe esta condicionado a que se xunten interesados suficientes para cubrir os custes da viaxe.

Plan apícola 2014

Publicado no DOGA do día 14 de maio de 2014.-

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140514/AnuncioG0165-060514-0005_gl.html

Os que entregaron as fotocopias do caderno de explotación apícola en AGA: Poderán obter ata un 90% do prezo dos tratamentos contra a varroa, haberá que pagalos ao prezo de custo e logo devolverase a parte que se obteña de subvención. Enviárase un correo despois do 7 de xuño no que se informará sobre como encargar os tratamentos, co calendario do veterinario para facer as recetas e a entrega do produto.

O día 7 de xuño en Arzúa, Antonio Gomez pajuelo falará dos produtos máis recomendados para este tratamento, non perdades a oportunidade de vir.

As ceras e fondos sanitarios tamén poderán ser subvencionadas ata un 50 %, tamén se pagarán ao prezo de custo e logo devolverase a parte correspondente, para isto gardar os albaráns de Erica Mel onde figuren estas compras para logo tramitar as devolucións.

O mesmo ocorre cos seguros, que se poderá devolver ata o 50% en función do diñeiro concedido.

Para aforrar tempo os que vaian á viaxe e queiran mercar fondos sanitarios que avisen á delegación para reservalos con antelación.

Prezos da nova tenda de Erica.- <http://www.apiculturagalega.es/aga-informa/actualidade/Nova-tenda-de-apicultura-Erica-Mel/81>

VII Congreso Apícola Hispánico

Será presentado en Arzúa o día 7 de xuño, para os socios de AGA o custo é de 30 €. Pódese facer a inscrición na web do congreso www.apiculturagalega.es/congreso, por teléfono no 981 508 142 ou o día 7 en Arzúa. Os que teñan a cuota domiciliada podémolos cobrar por domiciliación se se anotan antes do 30 de xuño.

Pódese facer o seguimento das actividades do congreso en www.apiculturagalega.es/congreso.

REMITE:



C/. San Salvador, 41- 2º
15404 Ferrol